

III EDICIÓN DO PROGRAMA “DESCÚBREAS”

“Descúbreas” é un programa que ten como obxectivo articular accións que axuden a compensar as dificultades coas que se atopan actualmente as mozas na escena musical, que impiden que se dediquen profesionalmente á música cando rematan os seus estudos. Cómpre rachar cos obstáculos que dificultan o desenvolvemento da súa carreira e imposibilitan que teñan as mesmas oportunidades que os seus compañeiros varóns.

Deste xeito, a Deputación de Pontevedra puxo en marcha en 2021 un proxecto que ten como fío condutor o apoderamento das nenas e das mulleres no ámbito musical e a visibilización da música de autoría feminina, ao amosar referentes cunha traxectoria consolidada en todos os ámbitos do sector musical: na produción, na composición ou na interpretación, entre outros.

O programa comprende unha serie de accións dirixidas a xerar as condicións óptimas para acadar un espazo de encontro no que se leven a cabo actividades relacionadas co protagonismo da muller na historia da industria musical, con especial fincapé na música feita por elas, nas que amosen o seu sentir en primeira persoa, as súas inquietudes, reivindicacións ou reflexións a través da súa propia ollada. O obxectivo deste espazo é que as estudantes de música novas, ou con inqueda musical, encontren referentes reais, coñezan artistas na súa mesma situación e poidan trasladarlles as súas consultas a artistas xa consolidadas.

A proposta ten dous fíos condutores: por unha banda, unha plataforma web, que albergará todos os contidos que conforman o programa “Descúbreas”, cun directorio, cunha axenda, con tutoriais acerca do funcionamento da industria musical e cunha consultoría en liña; por outra, un programa de mentoría, que terá como resultado a gravación das súas propias cancións e vídeo musical.

O propósito da mentoría é acompañar as rapazas nos seus primeiros pasos: contactar e familiarizarse cos procesos iniciais ata conseguir os seus primeiros contidos, unha canción, un vídeo musical, un concerto. Trátase de motivar as novas xeracións de rapazas para vencer as “barreiras invisibles” no sector musical.

Desde o punto de vista competencial, a igualdade como dereito está recollida nos artigos 9.2 e 14 da Constitución española co obxectivo de alcanzar unha sociedade máis democrática, xusta e solidaria. O principio de igualdade de trato entre mulleres e homes supón a ausencia de calquera discriminación, directa ou indirecta, por razón de xénero en todos os ámbitos da vida, concretamente nas áreas económica, social, laboral, cultural e educativa.

A Lei orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, e o Decreto lexislativo 2/2015, de 12 de febreiro, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, promoven

que os poderes públicos, no marco das súas competencias, incorporarán medidas tendentes a acadar a igualdade efectiva.

No ámbito competencial local, o artigo 36.1 d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de réxime local, establécese como competencia propia das deputacións provinciais a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial.

Nesta liña, no artigo 109.1 d) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, determínanse como competencias propias das deputacións o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.

Con este ámbito competencial, a Deputación de Pontevedra é consciente de que na actualidade a desigualdade de oportunidades entre mulleres e homes na industria musical é unha realidade, como revelan os datos relativos ao número de rapazas que cursan estudos nas escolas de música e das que se dedican profesionalmente á música tras rematar os estudos. Outra mostra desta desigualdade é a fenda de xénero existente na oferta musical; na maioría dos carteis dos festivais de música do noso país é moi habitual que as cabezas de cartel sexan bandas maioritariamente masculinas.

Deste xeito, a Deputación convoca esta liña de subvencións públicas, en réxime de concorrencia competitiva, que se rexerán polo previsto nas presentes bases reguladoras, así como polo disposto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG), na Ordenanza xeral de subvencións e na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP).

BASES REGULADORAS

Primeira. Obxecto

Constitúe o obxecto destas bases regular o procedemento de selección das oito rapazas participantes no programa de mentoría na terceira edición do programa “Descúbreas”, que ten por finalidade favorecer que as mozas da provincia de Pontevedra con inquietudes musicais adquiran coñecementos para proxectar as súas carreiras no mundo da música e incidir de forma directa na súa participación e promoción na escena musical.

Segunda. Alcance do programa

“Descúbreas” é un programa de apoio e posta en marcha de propostas musicais de mozas de entre 16 e 35 anos da provincia de Pontevedra, en colaboración con profesionais do sector, escolas e produtoras.

Non poderán beneficiarse das accións do programa as persoas solicitantes que incumpran algún dos requisitos especificados nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da LXS.

Terceira. Réxime aplicable ás axudas

A xestión e concesión destas axudas realizaranse mediante o procedemento de concorrência competitiva, segundo os criterios previstos na base décimo segunda e de acordo cos seguintes principios:

- a. Publicidade, concorrência, obxectividade, transparencia, igualdade e non discriminación
- b. Eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Administración outorgante
- c. Eficiencia na asignación de efectivos e no uso de recursos públicos

Estas axudas son incompatibles con outras subvencións ou patrocinios, públicos ou privados, para o mesmo proxecto ou finalidade.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da LXS, transmitiráselle á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) a información requirida por esta, o texto da convocatoria para a súa publicación na citada base e o seu extracto no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* (BOPPO).

Cuarta. Persoas beneficiarias

Poderán concorrer na presente convocatoria as mozas de entre 16 e 35 anos da provincia de Pontevedra.

Para poder acceder ao presente programa deberán cumprir as condicións e os requisitos establecidos nestas bases e na normativa xeral de subvencións na data na que finalice o prazo de presentación de solicitudes.

Deberán estar ao corrente das obrigas tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), coa Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA), coa Seguridade Social e co organismo provincial, e non estar incursas en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para a percepción de axudas ou subvencións públicas nin incorrer en ningún dos casos de prohibición para percibir subvencións recollidos na lei.

Quinta. Bolsas

As oito seleccionadas participarán nun proceso de mentoría titorizado por persoal especializado do programa "Descúbreas", cunha duración estimada de catro (4) meses, e terán acceso a:

- Formar parte dun itinerario individualizado en función das características de cada alumna. Nel detallaranse as sesións de mentoría, das que se fará un seguimento pormenorizado
- Gravar unha canción propia nun estudio
- Gravar e realizar un vídeo musical propio

As bolsas teñen un valor estimado de mil (1.000) euros cada unha.

O gasto imputarase á aplicación 23/250.2315.227.07.2022 do Orzamento provincial e estará asociado ao expediente de contratación aprobado pola Resolución presidencial número 2022009424.

Sexta. Presentación de solicitudes

As solicitudes presentaranse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>).

Para a presentación das solicitudes a Sede electrónica admite os certificados electrónicos do sistema Cl@ve, que contempla a utilización de sistemas de identificación baseados en claves concertadas (sistemas de usuario e contrasinal) e certificados electrónicos (incluído o DNle).

Opcionalmente, poderán presentarse as solicitudes presencialmente en calquera dos lugares e dos rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común utilizando o formulario normalizado dispoñible en <https://sede.depo.gal>.

Sétima. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes será de quince (15) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación desta convocatoria e extracto no BOPPO e na BDNS.

Oitava. Comprobación de datos

Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

- NIF das persoas solicitantes
- Certificado de residencia das persoas solicitantes
- Certificado de estar ao corrente das obrigas tributarias coa AEAT
- Certificado de estar ao corrente das obrigas tributarias coa ATRIGA
- Certificado de estar ao corrente do pagamento da Seguridade Social
- Certificado de estar ao corrente do pagamento da Deputación de Pontevedra

Se as persoas interesadas se opuxesen ás devanditas consultas, deberán indicalo no cadro habilitado no formulario de inicio e achegar os documentos correspondentes.

Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilitase obter estes datos, poderáselles solicitar ás persoas interesadas que presenten os documentos pertinentes.

Novena. Documentación

As persoas solicitantes deberán incluír na solicitude unha ligazón para descargar un vídeo dunha interpretación musical propia. Ademais, garantirán que o seu contido é orixinal e non infrinxe dereitos de terceiras persoas, e serán responsables das infraccións que poidan causar neste sentido.

Así mesmo, as persoas interesadas deberán achegar, xunto coa solicitude, a seguinte documentación:

- Carta de motivación
- Currículo da súa carreira musical e a documentación acreditativa desta

Esta documentación presentárase preferiblemente por vía electrónica. As interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que entreguen. Excepcionalmente, a Deputación de Pontevedra poderá requirir a presentación do documento orixinal para cotexalo coa copia electrónica achegada.

Décima. Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes e emenda destas

Se a solicitude non reunise os datos esixidos na convocatoria ou calquera dos previstos no artigo 66 da LPACAP, requiriráselle á persoa interesada, de conformidade co establecido no artigo 68 desta lei, que, nun prazo de dez (10) días hábiles, emende as faltas ou presente os documentos preceptivos, e indicaráselle que, se non o fai, se terá por desistida a súa solicitude, que se arquivará sen máis trámites.

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento faranse por medios electrónicos a través do modelo "2887054 Trámites administrativos xenéricos distintos da solicitude", dispoñible en <https://sede.depo.gal>.

A Sede electrónica ten dispoñibles unha serie de modelos xenéricos que as persoas interesadas poden utilizar para realizar as xestións máis habituais durante a tramitación administrativa (representación, emenda da solicitude, alegacións, renuncia ou recursos, entre outros). Estes modelos son comúns para os distintos procedementos e poderán empregarse sempre que a normativa reguladora do procedemento concreto para o que se vaian utilizar non estableza

outros modelos específicos. Os modelos xenéricos poderán descargarse para anexalos a unha solicitude ou para realizar trámites sobre outros expedientes e presentalos electrónica ou presencialmente segundo a normativa reguladora do procedemento do que se trate. No formulario deberá indicarse, no seu caso, o procedemento para o que se efectúa o trámite. Os modelos están dispoñibles en: <https://sede.depo.gal/web/public/dynamic/catalogo/tramitesxenericos>.

Décimo primeira. Notificacións

As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse preferentemente por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

As notificacións realizaranse a través da Carpeta Ciudadana e de Dirección Electrónica Habilitada única. Ambos os sistemas son accesibles desde <https://sede.depo.gal>.

As notificacións entenderanse practicadas no momento no que se acceda ao seu contido e rexeitadas cando transcorresen dez (10) días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda a este.

O sistema remitiralles ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo electrónico indicada na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación se considere plenamente válida.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, a Deputación de Pontevedra practicará a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Décimo segunda. Criterios de selección das participantes

As persoas que se presenten á convocatoria seleccionaranse, en réxime de concorrência competitiva, segundo a valoración de méritos, o traballo presentado e a entrevista persoal.

Unha vez recibidas as solicitudes de participación, o persoal técnico do programa “Descúbreas” contactará por teléfono coas persoas interesadas e convocaráas ao proceso de selección, no cal o xurado nomeado para tal fin lles realizará unha entrevista persoal.

Na entrevista recollerase información relativa á súa formación, experiencia musical, motivación para participar no antedito programa, dispoñibilidade e competencias persoais e profesionais para a música.

As candidatas da terceira edición do programa “Descúbreas” serán seleccionadas por un xurado, nomeado para estes efectos a través dunha resolución presidencial, que estará composto por:

- Presidenta: a xefa do Servizo de Igualdade ou a persoa en quen delegue
- Secretaria: unha técnica do Servizo de Igualdade ou a persoa en quen delegue, sen voz nin voto
- Vogais: dúas representantes do sector musical e dúas persoas pertencentes ao persoal do programa “Descúbreas”

O xurado valorará os méritos, os traballos presentados e a entrevista de acordo cos seguintes criterios:

- A calidade musical do traballo presentado no vídeo (de 0 a 20 puntos)
- As competencias persoais e profesionais para a formación e a interpretación musical (de 0 a 20 puntos)
- A experiencia musical (de 0 a 15 puntos)
- A formación musical (de 0 a 15 puntos)
- O nivel de autonomía interpretativa (de 0 a 15 puntos)
- As razóns para participar no programa recollidas na carta de motivación (de 0 a 15 puntos)

O xurado poderá contar coa presenza e coa asistencia de persoas expertas nas diferentes áreas e solicitar a información adicional que considere oportuna para a súa resolución.

O ditame do xurado será inapelable.

A Deputación de Pontevedra poderá solicitar os datos, os documentos e as aclaracións que considere relevantes para valorar mellor o expediente, e poderá comprobar a súa veracidade.

As persoas que integren o xurado percibirán as indemnizacións correspondentes ás axudas de custo e aos desprazamentos pola asistencia ás xuntanzas nas que se redacte a acta. Estes gastos imputaranse con cargo á aplicación orzamentaria 23/250.2315.226.99.

Décimo terceira. Informe de valoración

O xurado emitirá un informe motivado, que quedará recollido nunha acta, sobre as solicitudes recibidas e a súa proposta de selección de persoas participantes con dereito a unha das bolsas obxecto desta convocatoria.

Décimo cuarta. Instrución e resolución do procedemento

A instrución do procedemento corresponderalle á xefa do Servizo de Igualdade.

Instruído o procedemento, o órgano instructor, á vista do expediente, da documentación requirida, e unha vez entregado o informe preceptivo de valoración realizado polo xurado, ditará a proposta de resolución motivada, que se elevará á deputada delegada da Área de Igualdade para a súa aprobación definitiva.

A resolución da convocatoria poralle fin á vía administrativa e contra ela poderanse interpoñer os recursos administrativos ou xudiciais preceptivos, sen prexuízo de que as persoas interesadas poidan exercer calquera outro que consideren procedente.

A resolución publicarase no BOPPO, de conformidade co establecido no artigo 45 da LPACAP. Así mesmo, tamén se publicará en www.depo.gal. En ambas as publicacións figurará o réxime de recursos correspondente.

Décimo quinta. Obrigas das seleccionadas

As seleccionadas estarán obrigadas a:

- a) Participar en todas as actividades de formación e mentoría e nos actos de presentación e divulgación do programa “Descúbreas”
- b) Desenvolver con aproveitamento as sesións de asesoramento, cumprir o calendario de actividades e participar de maneira activa no programa intensivo
- c) Comunicarlle á Deputación de Pontevedra calquera incidencia que poida afectar de xeito significativo o desenvolvemento do proxecto ou da actuación

O incumprimento das obrigas citadas nesta base dará lugar á perda da condición de beneficiaria desta convocatoria da terceira edición do programa “Descúbreas”.

Décimo sexta. Protección de datos

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de tratamento pola Deputación de Pontevedra, en calidade de órgano responsable, coa finalidade de xestionar este procedemento, verificar os datos e os documentos que a persoa interesada declare na súa solicitude para comprobar a súa exactitude e levar a cabo todas as actuacións administrativas que, no seu caso, deriven.

A lexitimación para o tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha tarefa en interese público ou no exercicio de poderes públicos segundo as normas de rango legal recollidas no apartado “normativa aplicable”, dispoñible na ficha de procedemento en <https://sede.depo.gal>.

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de comunicación ás administracións públicas no exercicio das súas propias competencias ou cando sexa necesario para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou revogar o seu consentimento segundo o previsto en <https://depo.gal/proteccion-de-datos/exercicio-de-dereitos>.

Décimo sétima. Propiedade intelectual do traballo musical

Todas as persoas que concorran a esta convocatoria recoñecen o seu dominio do título e a lexitimación suficiente sobre as pezas musicais, e manifestan non infrinxir ningún dereito de propiedade intelectual ou calquera outro dereito que poida ostentar calquera terceira persoa en España ou no estranxeiro sobre os contidos; eximirase a Deputación de Pontevedra de calquera responsabilidade relativa ao uso das citadas pezas.

En todo caso, as persoas participantes asumen, baixo a súa exclusiva responsabilidade, as consecuencias dos danos e das perdas derivados do uso das pezas musicais, así como a súa reprodución, difusión ou distribución. Deste xeito, a Deputación de Pontevedra non se responsabilizará no caso de que a idea ou o proxecto musical que se propón ou calquera dos documentos presentados polas participantes vulnerasen dalgún modo os dereitos de terceiras persoas en materia de propiedade intelectual, industrial ou de calquera outra índole.

A Deputación de Pontevedra poderá publicar, difundir e promocionar os traballos resultantes desta convocatoria, e sempre fará constar a súa autoría. A concesión da bolsa non implica a perda da propiedade intelectual nin da industrial. A participación na convocatoria suporá a cesión dos dereitos para os efectos do anterior.

Así mesmo, na institución provincial depositarase un exemplar de cada traballo.

Décimo oitava. Autorización para a difusión de imaxes

No formulario de solicitude as persoas solicitantes poderán autorizar ou denegar expresamente a toma de imaxes nas actividades do programa “Descúbreas”, que poderán ser obxecto de publicación por parte da Deputación de Pontevedra.

A participación na convocatoria implica a aceptación destas bases.

Décimo novena. Réxime xurídico

A convocatoria rexerase polas seguintes disposicións:

- LXS
- Regulamento da LXS
- Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da LXS
- LSG

- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra
- Bases de execución do Orzamento xeral da Deputación de Pontevedra para o exercicio 2023
- Demais lexislación aplicable